

ACTA REUNIÓN COMISIÓN PARITARIA II CONVENIO COLECTIVO PERSOAL LABORAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS UNIVERSIDADE DE VIGO

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Vicexerenta de Persoal:
Ana Comesaña Álvarez

Xefe do Servizo de PAS e Retribucións:
José M. Fernández Viña

Xefa da Sección de Formación e Acción Social:
Margarita González Hernández

Xefe do Servizo de Asesoría Xurídica:
Antón Vidal Andión

Secretario de actas:
Rafael Ameneiro Bravo

REPRESENTANTES SINDICAIS:

Federico Fernández Fernández (CIG)
Luís Pérez Gómez (CIG)
María Luisa Magaz Ledo (CCOO)
Manuel Marcos García (CCOO)
José Andrés Zapirain Fernández (UGT)

Asesor de CIG:
Cándido Pérez Betanzos

Con anterioridade a Vicexerencia de Persoal remite por correo electrónico información sobre os postos de trabalho, horario, e prestación de servizos da unidade (Anexo 1).

1. Especificidade para o cómputo da xornada de trabalho na Unidade de Transporte e Distribución e retribución por disponibilidade horaria: interpretación e aplicación.

A Vicexerente de Persoal da Universidade de Vigo informa da convocatoria desta reunión, tendo en conta a petición previa de reunión do Comité de Empresa de Pontevedra para tratar a problemática na organización do Parque Móbil, coa que pretende dar resposta en tanto que expresa que gran parte da problemática ven dada polas diferenzas na interpretación e aplicación da xornada de presenza, en relación ao previsto no II Convenio Colectivo e na Instrucción Xerencial de Xornada, tendo presente o artigo 10.4 do Real Decreto 902/2007, de 6 de xullo, polo que se modifica o Real Decreto 1561/1995, sobre xornadas especiais de trabalho, no relativo ao tempo de trabalho de traballadores que realizan actividades móbiles de transporte por estrada.

Así na actualidade o posto de comodín, con horario inicial previsto de mañá, se se lle require para unha actividade específica de tarde, ou para cubrir a ausencia dun traballador, xurden dúbidas de sei hai ou non interrupción a efectos de xornada. Esto é, se o tempo transcurrido dende o remate da xornada e horario ordinario, de non cambiarse a quenda, e o inicio do

Acta da reunión da Comisión Paritaria do II Convenio Colectivo do Persoal Laboral da Universidade de Vigo, celebrada ás 11:00 horas do día 4 de xullo de 2008, na sala de xuntas nº2 do Edificio Xerencia/Servizos Centrais coa asistencia das persoas que se citan á marxe e de acordo coa seguinte

ORDE DO DÍA:

- Especificidade para o cómputo da xornada de trabalho na Unidade de Transporte e Distribución e retribución por disponibilidade horaria: interpretación e aplicación.

seguiente servizo, non estando no centro de traballo nin a disposición para outras tarefas, incorporándose posteriormente para reanudar o mesmo, debe ou non computarse como tempo de presenza.

O artigo 10.4 citado di o seguinte:

10. 4. Se entienden comprendidos dentro del tiempo de presencia, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 8.1, los períodos distintos de las pausas y de los descansos, durante los que el trabajador móvil no lleva a cabo ninguna actividad de conducción u otros trabajos y no está obligado a permanecer en su lugar de trabajo, pero tiene que estar disponible para responder a posibles instrucciones que le ordenen emprender o reanudar la conducción o realizar otros trabajos.

Tras a análise e debate sobre a interpretación e aplicación a estes supostos, previo informe do asesor xurídico no senso de entender que o devandito artigo está comprendido nas instruccións cando tratan a prolongación de xornada acordase:

O tempo de presenza que segue ao remate da xornada ou horario correspondente ao posto que se ocupa, e o inicio do servizo específico asinado, computará como tempo de presenza, con base no artigo anterior e con as devanditas características. O tempo de servizo efectivo, dende que se recolle o vehículo na base ata a súa devolución, computará como de traballo efectivo, de estar dispoñible. Se non e así, se computará como servizo efectivo dende a realización da prestación.

Así mesmo, aclárase que as 25 horas previstas no convenio colectivo, retribuídas polo artigo 30.2. A. c) como especial dedicación horaria, incluirán tanto as horas efectivas que excedan da xornada semanal en cómputo mensual por razón de inicio e remate de servizo coma as horas de presenza, incluídas as anteriores.

En canto as horas extras reguladas no artigo 25.2 segundo parágrafo, incluídas nun punto que regula certas prazas de RPT, cómpre clarexar que o devandito parágrafo aplicarase ao resto dos supostos non incluídos no punto 1. Esto é para calcular con ditos coeficientes multiplicadores aos efectos do aboamento de horas extras. O artigo 31 aplicarase para a súa compensación en descanso. A Xerencia non está de acordo coa integración da aplicación dos dous artigos, e da doble aplicación, que non se deduce do texto. Entende que o artigo 25.2 está para sábados e domingos e o artigo 31 para o resto de días, non sendo acumulables.

Aclarase tamén que na RPT aparece como característica dos postos de traballo M e T, o que leva a que a xornada pode realizarse tanto de mañan como de tarde, sen que sexa xornada partida, se non coa distribución derivada da organización dos postos de traballo.

Os sindicatos poñen de manifesto que a xerencia é a única competente para organizar a unidade, de tal forma que todos os traballadores da mesma colaboren nas tarefas, incluído o responsable, na medida que a organización do traballo o permita, asignando 25 horas a todos os traballadores que as perciben, de tal maneira que haxa un reparto equitativo entre todos eles. Os sindicatos entenden que no lles corresponde a organización, se ben solicitan a creación de prazas.

Sen máis asuntos que tratar, dáse por rematada a reunión ás 12.45 horas, do cal dou fe como Secretario.

Pola Universidade de Vigo

O Secretario

Polos sindicatos

ANEXO 1:

HORAS PRESTACIÓN SERVIZO PARQUE MÓBIL ANO 2008

RPT UNIDADE TRANSPORTE E DISTRIBUCIÓN:			
Posto	Dotación	Grupo	Quenda
Responsable da unidade	1	III	M e T
T.E. Transporte e Distribución	6	III	M e T
T.E. Transporte e Distribución	2 fóra plantilla	III	M e T

Vehículos U.T.D.		
Vigo:	19	
Ourense:	3	
Pontevedra:	2	

Meses	1. Personal (lunes 17) Circula: de 7 a 16	2. Personal (lunes 21) + Prácticas Grupo: 7 a 16	3. Correo: 8 a 15	4. 2º Turno correo: 8 a 15	5. Comodín: 8 a 15	6. Tarde: 15-22	TOTAL 1-6	T/6	7. Rector: 8 a 15	8. Jornadas: 8 a 15	9. Responsable PM: 8 a 15	10. Ourense: 8 a 15	TOTAL 1-10
	190	190	146	146	146	150	968	161,33	146	146	146	146	146
Xaneiro	190	190	146	146	146	150	968	161,33	146	146	146	146	1552
Febreiro	189	189	147	147	147	147	966	161,00	147	147	147	147	1554
Marzo	156	156	120	120	120	123	795	132,50	120	120	120	120	1275
Abril	198	198	154	154	154	154	1012	168,67	154	154	154	154	1628
Maio	189	189	147	147	147	147	966	161,00	147	147	147	147	1554
Xuño	189	189	147	147	147	147	966	161,00	147	147	147	147	1554
Xullo	154	154	110	110	110	132	770	128,33	110	110	110	110	1210
Agosto	140	140	100	100	100	100	580	96,67	100	100	100	100	980
Setembro	189	189	147	147	147	147	966	161,00	147	147	147	147	1554
Outubro	207	207	168	168	168	168	1086	181,00	168	168	168	168	1758
Novembro	180	180	140	140	140	140	920	153,33	140	140	140	140	1480
Decembro	165	165	123	123	123	128	827	137,83	123	123	123	123	1319
TOTAL	2146	2146	1649	1649	1649	1583	10822	1803,7	1649	1649	1649	1649	17418

Días Festivos e non trabalados	Horario reducido:
1 xaneiro	2,3,4 e 7 de xaneiro
20 e 21 de marzo	17,18 e 19 de marzo
28 de marzo	meses de xullo e agosto
1 de maio	22,23,26,29 e 30 de decembro
25 de xullo	
15 de agosto	
30 setembro (inauguración curso)	
8 de decembro	
24 e 25 de decembro	
31 de decembro	

ANEXO II

ACORDOS:

1. O posto de comodín, con horario inicial previsto de mañá, si se lle require para unha actividade específica de tarde, ou para cubrir a ausencia dun traballador, xurden dúbidas de sei hai ou non interrupción a efectos de xornada. Esto é, se o tempo transcurrido dende o remate da xornada e horario ordinario, de non cambiarse a quenda, e o inicio do seguinte servizo, non estando no centro de traballo nin a disposición para outras tarefas, incorporándose posteriormente para reanudar o mesmo, debe ou non computarse como tempo de presenza.

O artigo 10.4 citado di o seguinte:

10. 4. Se entienden comprendidos dentro del tiempo de presencia, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 8.1, los períodos distintos de las pausas y de los descansos, durante los que el trabajador móvil no lleva a cabo ninguna actividad de conducción u otros trabajos y no está obligado a permanecer en su lugar de trabajo, pero tiene que estar disponible para responder a posibles instrucciones que le ordenen emprender o reanudar la conducción o realizar otros trabajos.

Tras a análise e debate sobre a interpretación e aplicación a estes supostos, previo informe do asesor xurídico no senso de entender que o devandito artigo está comprendido nas instruccións cando tratan a prolongación de xornada acordase:

O tempo de presenza que segue ao remate da xornada ou horario correspondente ao posto que se ocupa, e o inicio do servizo específico asinado, computará como tempo de presenza, con base no artigo anterior e con as devanditas características. O tempo de servizo efectivo, dende que se recolle o vehículo na base ata a súa devolución, computará como de traballo efectivo, de estar dispoñible. Se non e así, se computará como servizo efectivo dende a realización da prestación.

2. Aclarase tamén que na RPT aparece como característica dos postos de traballo M e T, o que leva a que a xornada pode realizarse tanto de mañan como de tarde, sen que sexa xornada partida, se non coa distribución derivada da organización dos postos de traballo.
3. Os sindicatos poñen de manifesto que a xerencia é a única competente para organizar a unidade, de tal forma que todos os traballadores da mesma colaboren nas tarefas, incluído o responsable, na medida que a organización do traballo o permita, asignando 25 horas a todos os traballadores que as perciben, de tal maneira que haxa un reparto equitativo entre todos eles.

